

Crítica de Armando Requeixo en Criticalia

Cósmica e futura

Enviado o 10 Abril 2012



Leo con absoluta fruición [Papel a punto de](#), o máis recente poemario de [Estibaliz Espinosa](#), volume publicado polas almerienses El Gaviero Ediciones nunha moi coidada edición numerada que deseñaron con exquisito gusto Ana Santos Payán e Pedro J. Miguel.

O libro reúne unha trintena exacta de composicións agrupadas en tres seccións: “materia escura”, “materia gris” e “fluido rosa”. Por xunto traxeran unha perfecta espiral concéntrica, que vai do universal ao particular, do cósmico ao individual.

Así, se en “materia oscura” os versos adquiren alento fundacional e tenta explicarse a orixe da especie humana, o sentido planetario e sideral desta, en “materia gris” profúndase nun esculcar (in)civilizacional, procúrase a visión reveladora das derivas da masa social para, xa en “fluido rosa”, ingresar no imo máis persoal dende o que iluminar non só a tormenta propia, senón a cambiante meteoroloxía mental da manda.

De por parte, preside todo *Papel a punto de* a recorrente preocupación polo devir, por como os nosos pasos presentes serán xulgados no futuro. É máis, o que hoxe somos, o noso proceder, é avaliado con distancia irónica, pois as nosas teimas cotiás semellan irrisorias se se consideran coa debida perspectiva secular.

Sorprende gratamente en Espinosa a súa aglaiante capacidade para a imaxe inusual, para o verso de xogo paralelístico e aliterativo e, sobre todo, para a inclusión de grafemas non verbais de decisiva capacidade comunicativa.



O conxunto resultante é unha poética de poderosa plasticidade, na que hai un tramado mestísimo de alusións e citas tanto á tradición propia coma ao mellorío das foráneas, o que fai comparecer na escrita os ecos amigos de Manuel María e Laforet, Alcalá e Sartre, Poe e Keats, Arrabal e Shakespeare, Wilde e Valente, Calvino e Cortázar, Rimbaud e Avilés de Taramancos, Whitman e Tolstoi, Benjamin e Lul e, por descontado, todas as irmás maiores na paixón literaria, ás que se saúda con devoción en poemas como “rea”: Safo, Woolf, Simone de Beauvoir, Yourcenar, Rosalía, Lispector, Sor Juana Inés, Villalta, Queizán, Shanagon, Lovelace, Preciado, Maillard...

Unha nota epilodal da autora acláranos que: “Este libro se pensó y escribió originalmente en gallego”. Descoñezo as razóns que levaron a que a obra vise luz, finalmente, en castelán. Mais quero agora lanzar dende aquí unha botella por ver se chega a algunha praia editorial con criterio: este magnífico *Papel a punto de*, obra dunha das nosas máis notables poetas dos últimos anos, debería ser impreso no idioma no que foi concibido. Só así se faría xustiza a unha escrita que latexa co sangue noso, por máis que regue, xenerosa, as páxinas dunha outra lingua irmá.

